

A C T A 10/2020
SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL
- 14 DE OCTUBRE DE 2020 -

Na Casa do Concello, a catorce de outubro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero
D.^a María López Álvarez
D. José Manuel Guerra Calvelo
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo
D.^a María Vázquez Rey
D.^a María Dolores Nariño Facal
D.^a Lucía Calvo de la Uz
D.^a Margarita Rosende Domínguez
D.^a Uxía Lemus de la Iglesia
D. Roberto Moñino Gil
D.^a María Josefa Argibay da Silva
D. José Manuel Elías Noya
D. Manuel Anxo Fernández Baz
D.^a Carmen Diéguez González

Non asisten, previa escusa:

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar
D.^a María Teresa Castro Framil

Secretaría xeral:

D.^a Virginia Fraga Díaz

Interventora:

D.^a Mónica I. Lado Varela

ORDE DO DÍA:

- 1.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE CAMBIOS NA CONFORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS**
- 3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE TEO**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia do concelleiro de Son de Teo-Anova, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar, e da concelleira do PP. D.^a M^a Teresa Castro Framil, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día, que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SONDETEO SOBRE CAMBIOS NA CONFORMACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O sr. alcalde da conta da nova composición das Comisións Informativas, en virtude do escrito de Son de Teo (rex. entrada nº 4862, do 05/10/2020), segundo o documento incorporado ao expediente, do 7 de outubro de 2020, que se reproduce a continuación:

“ASUNTO: COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS”

De acordo co establecido nos artigos 38 e 123 e seguintes do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades Locais, en relación co artigo 14 do Regulamento

Orgánico Municipal, á vista dos escritos presentados no seu momento polos diferentes grupos políticos, as comisións informativas, creadas por acordo do Pleno do 8 de xullo de 2019 quedarán integradas polos membros que se recollen a continuación, sendo o alcalde o presidente de todas elas.

Escritos dos grupos políticos:

SON DE TEO - (REX. ENTRADA Nº 4629, de 10/07/2019 E Nº 4862, de 05/10/2020)

PSdeG-PSOE– (REX. ENTRADA Nº 398(SEDE), de 09/07/2019)

PP – (REX. ENTRADA Nº 4661, de 12/07/19 E Nº 4900, de 29/07/19)

BNG - (REX. ENTRADA Nº4655, de 12/07/2019),

Comisións informativas:

- 1.- Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Sostibilidade e Servizos básicos.
- 2.- Comisión Informativa de Administración, Cultura, Educación, Seguridade cidadá, Participación veciñal e Deportes
- 3.- Comisión Informativa de Persoal, Comunicación, Normalización lingüística, Mocidade e Medio Natural.
- 4.- Comisión Informativa de Benestar social, Igualdade, Transportes, Turismo, Comercio e Emprego
- 5.- Comisión Informativa de Facenda e Asuntos Económicos, que asume as funcións da Comisión Especial de Contas.

A composición de todas as Comisións Informativas, será a seguinte:

- 3 concelleiros/as do PP
- 1 concelleiro/a de SONdeTEO
- 2 concelleiros/as do PSdeG-PSOE
- 1 concelleiro/a do BNG

O alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións Informativas, porén, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia Comisión, tras a correspondente elección efectuada no seu seno.

Composición das Comisións informativas:

1.- COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, SOSTIBILIDADE E SERVIZOS BÁSICOS.

Presidente:

D. Rafael Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: M^a Dolores Nariño Facal

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: María Vázquez Rey

D.^a Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

D. X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: D.^a Iria Otero Romero

D. Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.^a M.^a Josefa Argibay da Silva

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.^a Carmen Diéguez González

2.- COMISIÓN INFORMATIVA DE ADMINISTRACIÓN, CULTURA, EDUCACIÓN, SEGURIDADE CIDADÁ, PARTICIPACIÓN VECIÑAL E DEPORTES

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D.^a María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D.^a Lucía Calvo de la Uz

Antonio R. Sánchez Crespo (PP)

Suplente: D.^a M^a Dolores Nariño Facal

D.ª Mª Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: D.ª Margarita Rosende Domínguez

D. X. Ignacio Iglesias Villar (SdeT)

Suplente: D.ª María López Álvarez

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D.ª Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.ª Carmen Diéguez González

3.- COMISIÓN INFORMATIVA DE PERSOAL, COMUNICACIÓN, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MOCIDADE E MEDIO NATURAL

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D.ª María Vázquez Rey (PP)

Suplente: Margarita Rosende Domínguez

D.ª Mª Teresa Castro Framil (PP)

Suplente: D.ª Lucía Calvo de la Uz

Mª Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: Antonio R. Sánchez Crespo

D.ª Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.ª M.ª Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D. José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.ª Uxía Lemus de la Iglesia

D.ª Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: D. Manuel Anxo Fernández Baz

4.- COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, TRANSPORTES, TURISMO, COMERCIO E EMPREGO

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

M^a Dolores Nariño Facal (PP)

Suplente: D.^a M^a Teresa Castro Framil

D.^a Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a María Vázquez Rey (PP)

Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo

D.^a María López Álvarez (SdeT)

Suplente: D. X. Ignacio Iglesias Villar

D.^a M.^a Josefa Argibay da Silva (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. Roberto Moñino Gil

D. José Manuel Elías Noya (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.^a Uxía Lemus de la Iglesia

D.^a Carmen Diéguez González (BNG)

Suplente: D. Manuel Anxo Fernández Baz

5.- COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ASUNTOS ECONÓMICOS, QUE ASUME AS FUNCIONS DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Presidente:

D. Rafael C. Sisto Edreira (SdeT)

Concelleiros/as:

D. José Manuel Guerra Calvelo (PP)

Suplente: D. Antonio R. Sánchez Crespo

D.^a Margarita Rosende Domínguez (PP)

Suplente: D.^a M^a Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz (PP)

Suplente: D.^a M^a Dolores Nariño Facal

D.^a Iria Otero Romero (SdeT)

Suplente: D.^a María López Álvarez

D. Roberto Moñino Gil (PSdeG-PSOE)

Suplente: D.^a M.^a Josefa Argibay da Silva

D.^a Uxía Lemus de la Iglesia (PSdeG-PSOE)

Suplente: D. José Manuel Elías Noya

D. Manuel Anxo Fernández Baz (BNG)

Suplente: D.^a Carmen Diéguez González

Teo, 7 de outubro de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS.

O sr. alcalde da conta da proposta do 30 de setembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, que asume as funcións da Comisión especial de contas, de 7 de outubro de 2020.

“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS .

O informe de Intervención sobre a liquidación do exercicio 2019 do 26 de maio de 2020 constata o incumprimento da estabilidade orzamentaria que, segundo se cita no propio informe, vén determinado “por todos os proxectos que se financian mediante préstamo (PAI, POS PLUS), xa que se contabiliza como gasto no capítulo 6 pero o ingreso computa no capítulo 9”. Este incumprimento determina a necesidade de formular un

Plan Económico Financeiro que corrixa o incumprimento no ano en curso e no seguinte.

Estes datos da liquidación orzamentaria do exercicio 2018 foron remitidos ao *Ministerio de Hacienda* ao abeiro do artigo 15.4 da Orde HAP 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Consecuentemente, con data do 16 de xullo de 2020, a Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, remitiu escrito a esta Alcaldía no que constata ese incumprimento no primeiro ano de vixencia do PEF, polo que indica que o Concello “deberá adoptar as medidas adicionais que considere necesarias para garantir, na liquidación do exercicio 2020, unha situación de capacidade de financiamento, ademais do cumprimento da regra de gasto”.

Como o Concello de Teo xa ten un PEF vixente, no propio escrito da Dirección Xeral indícase que “De considerarse que non son necesarias estas medidas adicionais para o cumprimento das regras fiscais, poderase acreditar tal circunstancia mediante acordo do pleno da corporación local no que se faga constar que non é preciso adoptar ningunha medida”.

Considerando que o estado de execución do orzamento de 2020 a data 23 de setembro reflicte unha situación de cumprimento, cuns dereitos netos recoñecidos de 8.343.066,63 e unhas obrigas recoñecidas de 8.072.647,36€ (ingresos efectivos de 8.182.024,08 e pagos realizados de 7.655,347,84€), e tendo en conta que os préstamos que orixinaron o desequilibrio orzamentario non teñen xa incidencia neste exercicio.

Valorando que, aínda así, sería desexable aplicar un principio de prudencia que garanta que calquera imprevisto non provoque unha situación de incumprimento, e tomando en consideración o Informe de Intervención sobre Indispoñibilidade de créditos 1/2020, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2020 que esta proposta incorpora como ANEXO por importe de 525.000€

Segundo.- Efectuar as comunicacións telemáticas que procedan en cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).

Teo, 30 de setembro de 2020

Asdo: Rafael C. Sisto Edreira”

ANEXO

Partida orzamentaria	Capitulo	Efecto económico exercicio 2020
011/91100	11	110.000 €
132/12001	1	10.000 €
170/22706	2	5.000 €
170/22799	2	10.000 €
241/22100	2	220.000 €
330/13000	1	20.000 €
330/16000	1	5.000 €
430/60900	6	20.000 €
440/22602	2	5.000 €
450/13000	1	30.000 €
450/16000	1	10.000 €
920/13000	1	30.000 €
933/68100	1	50.000 €

Sinala o sr. alcalde que en todo caso o asunto resulta un pouco absurdo porque en principio este ano, coas medidas, non vai a haber nin cumprimento da regra de gasto nin de estabilidade financeira, porén mentres non se publiquen no BOE e non sexa oficial hai que esperar. Cando sexa así, como espera, eliminarase a indispoñibilidade, non porque se vaian a gastar, senón porque orzamentariamente a situación en cada capítulo é moi determinante para poder facer trasvases, entón moitas das cuestión que van son de persoal, que non se cubriu ou que está de baixa, e que se poden trasladar facilmente, por iso se esta indispoñibilidade non é necesaria farase outro Pleno para deixala sen efecto.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que en virtude do informado polo sr. alcalde e tendo en conta que está un pouco no aire o seu grupo vaise a abster.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen anuncia o apoio do seu grupo.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo sinala que aínda que todos saben que se está á espera do Decreto do goberno central, que vai a anular a regra de gasto de maneira excepcional para o ano 2020, debido a situación de crise do COVID, porén non quere deixar de dicir que esta proposta deriva dunha mala planificación, tal e como queda reflectido no proposta da Alcaldía, na que se recolle o apercebimento da Dirección Xeral de Política financeira da Xunta de Galicia polo incumprimento do PEF, no primeiro ano de vixencia, polo que se ven obrigados a tomar estas medidas adicionais, ante dito incumprimento.

Explica a sra. Calvo que ao final isto se traduce en que neste orzamento se van a deixar de gastar 525.000 €, cando se poderían destinar a axudas para empresas, autónomos, veciños do municipio, etc, e todo para resolver o problema derivado dunha mala planificación e execución orzamentaria. Sinala a sra. Calvo que polo que saben o Decreto do goberno central é para o 2020, así que haberá que esperar a ver en que consiste.

A sra. Calvo remata a súa intervención pedindo máis realismo á hora de realizar as contas e anunciando a abstención do seu grupo para non entorpecer esta medida adicional de corrección en base ao principio de prudencia.

O sr. alcalde, dirixíndose á sra. Calvo, sinala que non vai a repetir argumentos, aínda que nalgunha cousa discrepan na percepción, agradecendo en todo caso a abstención.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor (3 Son de Teo e 4 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar o acordo de non dispoñibilidade de créditos (AND) para o exercicio 2020 que esta proposta incorpora como ANEXO por importe de 525.000€

Segundo.- Efectuar as comunicacións telemáticas que procedan en cumprimento das obrigas contempladas na Orde HAP/2015/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).

ANEXO

Partida orzamentaria	Capitulo	Efecto económico exercicio 2020
011/91100	11	110.000 €
132/12001	1	10.000 €
170/22706	2	5.000 €
170/22799	2	10.000 €
241/22100	2	220.000 €
330/13000	1	20.000 €
330/16000	1	5.000 €
430/60900	6	20.000 €
440/22602	2	5.000 €
450/13000	1	30.000 €
450/16000	1	10.000 €
920/13000	1	30.000 €
933/68100	1	50.000 €

3.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS PROGRAMAS DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE TEO.

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto que non foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa correspondente, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición do 7 de outubro de 2020, que se recolle a continuación.

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS PROGRAMAS DE CONCILIACION DO CONCELLO DE TEO

Os servizos de conciliación son a día de hoxe unha das necesidades máis sentidas polas familias con nenos e nenas en idade escolar. Os horarios de traballo e as obrigas de coidado dos fillos e fillas os días lectivos nos tramos horarios anterior e posterior ao remate das aulas son moitas veces incompatibles, e fan absolutamente necesario que se articulen programas e servizos que fagan posible a atención dos e das menores sen que isto signifique a saída dos mercado de traballo para algún dos proxenitores.

Os programas e servizos aos que recorren as familias son variados, pero os concellos son as institucións que están mais preto fisicamente e son tamén os que de xeito mais inmediato poden axudar as persoas.

O Concello de Teo tiña regulados estes programas de xeito moi polo miúdo, e se ben este tipo de concreción ten as súas vantaxes, tamén dificulta unha resposta rápida ante novas necesidades.

Por este motivo se propón unha modificación do Regulamento de funcionamento dos programas de conciliación do Concello de Teo, aprobado polo Pleno o 15 de decembro de 2015 (BOP nº 44, do 07/03/2016), no que se adapta a normativa dos citados programas de conciliación á realidade actual dos mesmos, e a súa vez permite prestar novos servizos ao definir as tipoloxías dos mesmos, e non a súa individualidade.

Aos efectos do previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP), hai que ter en conta que o vixente Regulamento de funcionamento dos programas de conciliación do Concello de Teo foi aprobado no ano 2015, resultando polo tanto preciso de acordo co exposto a súa revisión e actualización, podéndose entender que a modificación do Regulamento que agora se propón regula aspectos parciais desta materia previamente regulada.

Considerando que o Regulamento en cuestión non vai ter un impacto significativo na actividade económica nin impón obrigas relevantes aos destinatarios e destinatarias, tratándose, como se desprende do seu contido, dunha norma organizativa dun servizo municipal.

A modificación proposta responde aos principios de boa regulación, de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co artigo 129 da Lei 39/2015.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 133 e Disposición adicional primeira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de funcionamento dos programas de conciliación do Concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación:

1.- Modificar o artigo 1. Obxecto.

.- Redacción actual:

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral que presta o Concello de Teo.

Ademais do previsto neste Regulamento será de aplicación a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público do concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O presente regulamento establece e concreta as normas de organización e funcionamento dos servizos de conciliación do concello de Teo:

- Teo Madruga
- Diverteo

Para outros servizos da mesma índole que se poidan prestar esta norma será de aplicación por analogía mentres non se desenvolva unha regulación propia.

.- Redacción modificada:

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral que presta o Concello de Teo.

Ademais do previsto neste Regulamento será de aplicación a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público do Concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O presente Regulamento establece e concreta as normas de organización e funcionamento dos servizos de conciliación do Concello de Teo:

- Teomadruga
- Teocoida
- Diverteo

Para outros servizos da mesma índole que se poidan prestar, esta norma será de aplicación por analogía mentres non se desenvolva unha regulación propia. Os servizos que se poidan desenvolver durante os días lectivos do curso escolar serán asimilables á regulación establecida para Teomadruga, e os que o fagan durante as vacacións escolares vincularanse coa regulación de Diverteo.

2.- Modificar o nome do capítulo II.

.- Redacción actual:

CAPÍTULO II: TEO MADRUGA

.- Redacción modificada:

CAPÍTULO II: TEOMADRUGA E TEOCOIDA

3.- Modificar o artigo 20. Definición.

.- Redacción actual:

Artigo 20. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende ás 07.30 horas ate o comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP de Calo e os Tilos. Os usuarios e usuarias do programa deberán estar escolarizados neses centros.

.- Redacción modificada:

Artigo 20. Definición de Teomadruga e Teocoida.

Teomadruga é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende as 7.30 horas ate comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

Teocoida é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo. Toda a regulación de Teomadruga é aplicable a Teocoida, coas adaptación lóxicas do horario.

Os usuarios e usuarias do programa deberán estar escolarizados neses centros.

4.- Modificar o artigo 21. Servizos.

.- Redacción actual:

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas.
- Servizo de almorzo para o alumnado interesado. O servizo de almorzo prestarase dende o comezo do servizo ate 30 minutos antes do comezo das aulas. Debera incluír unha bebida a base de leite quente, froita e galletas, cereais ou pan. Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia

alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

.- Redacción modificada:

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas e/ou despois das mesmas.
- Servizos de alimentación para o alumnado interesado. Prestaranse servizos de alimentación durante os programas de conciliación que serán adaptados á hora do día na que se presten. O seu contido estará rexido por unha alimentación san e natural.

Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

5.- Modificar o artigo 26. Definición.

.- Redacción actual:

Artigo 26. Definición

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar
- Durante as vacacións do nadal
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño.
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo

Poderán ampliarse estes servizos aos seguintes períodos:

- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudos, polo que o acceso aos diverteos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33, deste regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan que estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debera asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitará aos pais, nais ou titores a documentación que estime necesaria.

.- Redacción modificada:

Artigo 26. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar.
- Durante as vacacións do nadal
- Durante os días laborais non lectivos do entroido
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudos, polo que o acceso aos diverteos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33 deste Regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debera asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitará aos pais, nais ou titores a documentación que estime necesaria.

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como o Regulamento definitivo modificado, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei, debendo así mesmo publicarse no portal de transparencia.

Teo, na data da sinatura dixital do presente.

O alcalde

Rafael C. Sisto Edreira”

O sr. alcalde explica que o Regulamento é moi detallista e aínda que iso é bo para algunhas cousas impide dar cabida a novos servizos, como o que se implantou no colexio dos Tilos, o Teocoida, o que obriga a darlle un encaixe para poder regulamentalo. Explica o sr. alcalde as modificacións contidas na proposta.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.^a María Dolores Nariño Facal.

Pregunta a sra. Nariño que horario ten o programa de Teocoida.

A concelleira do PSdeG-PSOE, sra. Argibay, sinala que en principio falouse ata as cinco, porén aínda non se se concretou, xa que están esperando a que a Ampa se organice un pouco.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación do Regulamento de funcionamento dos programas de conciliación do Concello de Teo, nos termos que se recolle a continuación:

1.- Modificar o artigo 1. Obxecto.

.- Redacción actual:

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral que presta o Concello de Teo.

Ademais do previsto neste Regulamento será de aplicación a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público do concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O presente regulamento establece e concreta as normas de organización e funcionamento dos servizos de conciliación do concello de Teo:

- Teo Madruga
- Diverteo

Para outros servizos da mesma índole que se poidan prestar esta norma será de aplicación por analogía mentres non se desenvolva unha regulación propia.

.- Redacción modificada:

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral que presta o Concello de Teo.

Ademais do previsto neste Regulamento será de aplicación a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público do Concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O presente Regulamento establece e concreta as normas de organización e funcionamento dos servizos de conciliación do Concello de Teo:

- Teomadruga
- Teocoida

- Diverteo

Para outros servizos da mesma índole que se poidan prestar, esta norma será de aplicación por analogía mentres non se desenvolva unha regulación propia. Os servizos que se poidan desenvolver durante os días lectivos do curso escolar serán asimilables á regulación establecida para Teomadruga, e os que o fagan durante as vacacións escolares vincularanse coa regulación de Diverteo.

2.- Modificar o nome do capítulo II.

.- Redacción actual:

CAPÍTULO II: TEO MADRUGA

.- Redacción modificada:

CAPÍTULO II: TEOMADRUGA E TEOCOIDA

3.- Modificar o artigo 20. Definición.

.- Redacción actual:

Artigo 20. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende ás 07.30 horas ate o comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP de Calo e os Tilos. Os usuarios e usuarias do programa deberán estar escolarizados neses centros.

.- Redacción modificada:

Artigo 20. Definición de Teomadruga e Teocoida.

Teomadruga é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende as 7.30 horas ate comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

Teocoida é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

Toda a regulación de Teomadrega é aplicable a Teocoida, coas adaptación lóxicas do horario.

Os usuarios e usuarias do programa deberán estar escolarizados neses centros.

4.- Modificar o artigo 21. Servizos.

.- Redacción actual:

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas.
- Servizo de almorzo para o alumnado interesado. O servizo de almorzo prestarase dende o comezo do servizo ate 30 minutos antes do comezo das aulas. Debera incluír unha bebida a base de leite quente, froita e galletas, cereais ou pan. Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

.- Redacción modificada:

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas e/ou despois das mesmas.
- Servizos de alimentación para o alumnado interesado. Prestaranse servizos de alimentación durante os programas de conciliación que serán adaptados á hora do día na que se presten. O seu contido estará rexido por unha alimentación san e natural.

Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

5.- Modificar o artigo 26. Definición.

.- Redacción actual:

Artigo 26. Definición

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar
- Durante as vacacións do nadal
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño.
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo

Poderán ampliarse estes servizos aos seguintes períodos:

- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudos, polo que o acceso aos divertidos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33, deste regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan que estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debера asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitará aos pais, nais ou titoras a documentación que estime necesaria.

.- Redacción modificada:

Artigo 26. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar.
- Durante as vacacións do nadal
- Durante os días laborais non lectivos do entroido
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño

- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudos, polo que o acceso aos diverteos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33 deste Regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debera asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitara aos pais, nais ou titores a documentación que estime necesaria.

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Corporación e na web municipal durante 30 días. De non formularse reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Terceiro.- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como o Regulamento definitivo modificado, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei, debendo así mesmo publicarse no portal de transparencia.

**“TEXTO REFUNDIDO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS PROGRAMAS
DE CONCILIACIÓN DO CONCELLO DE TEO.**

CAPÍTULO I: NORMAS COMÚNS

Artigo 1. Obxecto.

É obxecto deste Regulamento establecer unha ordenación dos servizos de conciliación da vida familiar e laboral que presta o Concello de Teo.

Ademais do previsto neste Regulamento será de aplicación a Ordenanza Municipal reguladora do prezo público do Concello de Teo, así como as restantes normas de réxime local e autonómicas de aplicación.

O presente Regulamento establece e concreta as normas de organización e funcionamento dos servizos de conciliación do Concello de Teo:

- Teomadrua
- Teocoida
- Diverteo

Para outros servizos da mesma índole que se poidan prestar, esta norma será de aplicación por analogía mentres non se desenvolva unha regulación propia. Os servizos que se poidan desenvolver durante os días lectivos do curso escolar serán asimilables á regulación establecida para Teomadrua, e os que o fagan durante as vacacións escolares vincularanse coa regulación de Diverteo.

Artigo 2. Obxectivo.

Os programas de conciliación da vida laboral e familiar do concello de Teo teñen como obxectivo facilitar que as familias poidan harmonizar a súa vida laboral e o coidado de fillos e fillas menores, mediante unha alternativa de ocio coas seguintes características:

- Fomentar nos e nas menores participantes á adquisición de hábitos e habilidades sociais que favorezan a solidariedade, o compañeirismo, a igualdade de xénero, o respecto pola diferenza e o traballo en equipo.
- Desenvólvese dende un modelo de intervención socio educativa baseado en temas transversais e contidos diversos que contribúan a un enriquecemento da formación como persoas, adquirindo valores e actitudes que lles permitan intervir en sociedade de xeito positivo e consciente.
- Realizar actividades lúdicas planificadas e estruturadas que sexan apetecibles e divertidas, xa que corresponden a horarios e épocas non lectivas.

Artigo 3. Lugar e usuarios/as.

Estes servizos desenvolveranse nos CEIP de Calo, A Ramallosa e Os Tilos, ou en calquera outra instalación municipal que puidera utilizarse para este fin. Terán

prioridade para a utilización destes servizos as familias empadroadas en Teo. Entendendo por empadroadas en Teo, cando o estean os fillos ou fillas e os proxenitores cos que conviva, ou representantes legais.

Artigo 4. Fontes de financiamento.

Os servizos de conciliación contan con tres fontes de financiamento:

- a) Achegas directas do concello.
- b) Achegas procedentes de subvencións e/ou convenios con outras Administracións.
- c) Prezos Públicos. Os prezos públicos que se terán que pagar serán os establecidos na ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do servizos de conciliación de Teo.

Artigo 5. O emprego de linguas.

A lingua vehicular dos servizos de conciliación de Teo é o galego. En concordancia co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, coa finalidade de promover o uso da lingua galega establecerase un programa regular de actividades de fomento da lingua galega nos servizos de conciliación. Establecerase un proxecto lingüístico que apoie o uso do galego no tempo libre e espazos lúdicos.

Artigo 6. Expediente persoal do alumnado.

O alumnado de cada unha das actividades contará cun expediente persoal no que constarán datos de filiación, enderezo e teléfono para avisos, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada. O arquivo destes datos estará suxeito á normativa de protección de datos.

Para a conformación do expediente as familias deberán entregar no seu centro a documentación que se indique para cada actividade, e que en todo caso comprendera:

- Fotografías tamaño carné.
- Informe do especialista que corresponda en relación a enfermidades específicas ou discapacidades que precisen dunha atención específica, en especial os xustificativos de alerxias e/ou intolerancias.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

- Ficha de inscrición.
- Ficha de autorización para recoller á/ao nena/o, no caso de que haxa mais persoas autorizadas que os pais, nais ou responsables legais.
- Documentación xurídica suficiente para demostrar a retirada da garda e custodia a algún dos proxenitores.
- Ficha de autorización para tirar fotografías e utilización destas.

Artigo 7. Aspectos sanitarios e hixiene.

- a) As/os nenas/os deberán acudir as actividades de conciliación en condicións correctas de saúde e hixiene.
- b) Non serán admitidas/os as/os nenas/os que padezan enfermidades infectocontaxiosas. A aparición destas enfermidades deberá ser comunicada aos responsables das actividades de conciliación que, á súa vez, poñerano de inmediato en coñecemento da concellería responsable destas actividades.
- c) No caso de observarse síntomas dun proceso infectocontaxioso nas/nos nenas/os durante o desenvolvemento da actividade avisarase ás/aos nais, pais ou responsables legais, para que os recollan no menor tempo posible co fin de evitar a propagación da enfermidade entre as/os demais nenas/os.
- d) No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no servizo, despois das primeiras atencións no centro, o acontecido poñerase en coñecemento da familia da/o nena/o e, se é o caso, garantirase que esta/este reciba a atención médica axeitada.
- e) Nos casos nos que se deban administrar medicamentos ás/aos nenas/os, exceptuando os antipiréticos, deberán ir acompañados de informe médico, actualizado á data do tratamento, na que conste o nome da/do menor, o nome do medicamento e a forma, dose e periodicidade na administración. En todo caso, non se administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito da/do nai/pai ou responsables legais.
- f) Os nenos ou nenas que necesiten atención especializada ou con coidados especiais, deberan facelo constar na súa solicitude de matrícula, aportando a documentación necesaria para que a técnica responsable do servizo poida valorar a situación e xunto co persoal do servizo facer unha planificación de espazos e

recursos que garanta unha correcta atención. Nos casos especialmente complexos, poderase atrasar no tempo imprescindible a incorporación ao servizo dun neno ou nena até que dita planificación sexa operativa.

Artigo 8. Servizos de comedor.

Nas actividades de conciliación, sempre que o número de solicitudes o faga viable, haberá servizo de comedor que incluírá o almorzo e o xantar. Na regulación de cada servizo inclúese o desenvolvemento particular deste servizo. En todo caso teranse en conta as intolerancias alimentarias, debidamente xustificadas de cada neno ou nena, e proporcionaráselle unha alimentación compatible con elas.

A merenda de media maña será aportada polas familias e será organizada polas persoas responsables do servizo. O contido desta merenda debe estar en consonancia coas mínimas normas de nutrición, e en caso de dúbidas seguiranse as indicacións dos responsables.

Artigo 9. Educación na igualdade.

Coa fin de garantir a educación en igualdade e o respecto á diferenzas relativas a todos os ámbitos, as actividades de conciliación, dentro da súa dobre vertente de educación non formal e tempo libre, son un espazo privilexiado para establecer os alicerces sobre os que asentar comportamentos futuros relacionados coa igualdade entre as persoas. Esta visión transversal debe estar presente en toda a planificación e programación dos proxectos de intervención nas actividades.

Artigo 10. Diversidade.

Nas abordaxes directas, e tamén nas opinións, preguntas, e valoración de todo tipo de persoas, deberase ter en conta a diversidade de familias, de crenzas e de circunstancias persoais que existen na nosa sociedade, procurando realizar actividades inclusivas e potenciadoras do carácter positivo da diferenza. No caso de detectar circunstancias persoais que sexan causa dunha posible exclusión ou marxinación deberase activar un protocolo específico de abordaxe da situación.

Artigo 11. Entrega e recollida das e dos nenas e nenos.

A entrega e recollida deberán realizarse dentro das marxes da xornada de cada actividade. Os pais e nais poden autorizar a calquera persoa maior de idade para recoller aos seus fillos e fillas, tal como se fixo na ficha de inscrición. Deberán dar os datos das persoas sinaladas, e no caso de querer cambiala poden facelo na propia actividade utilizando o impreso existente ao efecto.

Se existirá algunha circunstancia de orde legal especial na relación de algún dos proxenitores co ou coa menor debe avisarse explicitamente. Do contrario calquera deles poderá recoller e autorizar recollidas do neno ou nena.

Para abandonar a actividade de conciliación, os nenos e nenas da etapa de infantil terán que ser recollidos por unha persoa maior de idade autorizada.

Os nenos e nenas de primaria poderán abandonar sos ou soas a actividade sempre e cando o autoricen expresamente os pais ou nais mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello. O monitorado comunicarse co Concello naquelas situacións nas que habendo esta autorización, consideren que non é axeitado. Dende a concellería de igualdade falarase coas persoas responsables do neno ou nena.

Excepcionalmente autorizarase a recollida de nenas ou nenos por persoas menores de dezoito e maiores de dezaseis, debendo solicitarse mediante escrito presentado no Rexistro xeral do Concello.

Nas actividades previas á entrada na xornada escolar, os nenos e nenas das actividades de conciliación serán trasladados aos espazos comúns onde se reunirán cos compañeiros e compañeiras para incorporarse as actividades educativas formais.

Artigo 12. Saídas.

As/os nenas/os poderán realizar as saídas incluídas na programación dos servizos de conciliación, previa autorización por escrito por parte das/dos nais/pais ou responsables legais.

Estas saídas teñen por obxecto:

- a) Favorecer o establecemento de relacións sociais en espazos diversos.
- b) Observar e explorar á contorna.

c) Coñecer algunhas manifestacións naturais e culturais do medio.

Artigo 13. Baixas.

As persoas responsables das/os usuarias/os poderán solicitar a baixa no servizo no momento que non necesiten utilizalo, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do concello, no que se inclúan os datos identificativos do neno ou nena, e da persoas que asina a solicitude, así como a relación que os ou as une e data a partir da que o neno ou nena non fará uso do servizo.

A baixa extinguirá a obriga de pagamento segundo o recollido na correspondente ordenanza fiscal.

Artigo 14. Ausencias.

A ausencia esporádica ou continuada dun servizo non exime da obriga de pagamento e non dá dereito á devolución das cotas.

Unha ausencia inxustificadas dun mes no Teo Madruga ou de cinco días hábiles no Diverteo producirá unha baixa automática no servizo.

No caso dunha ausencia xustificada manterase a praza, coa obriga de seguir facendo o pagamento da cota íntegra que se viña pagando.

Artigo 15. Dereito de admisión e potestade sancionadora.

O concello de Teo reservase para si o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos nenos e nenas cando:

- a) se comporten reiteradamente de xeito incorrecto
- b) os pais, nais ou responsables legais dos mesmos/as, non respecten este regulamento ou as normas básicas de convivencia.

O procedemento básico para unha exclusión debe incluír unha audiencia previa ás nais, pais ou responsables legais, e comunicáraselle por escrito do concello onde se concrete o tempo de exclusión e a causa.

Os nenos e nenas que acudan aos servizos deberán ter adquiridos os hábitos de alimentación, manexo de utensilios e hixiene, propio de cada idade. No caso de non ser así as persoas encargadas do servizo traballarán conxuntamente con pais, nais ou

responsables legais para que se produza unha adecuación das habilidades e a idade do neno ou nena.

Artigo 16. Cobro das cotas.

As cotas de copagamento deste servizo serán fixadas e cobradas conforme ao establecido na normativa municipal vixente en cada momento.

Artigo 17. Persoal.

O persoal de atención directa aos nenos e nenas en calquera dos programas ten que ter algunha das seguintes titulacións:

- Monitor de tempo Libre
- Técnico superior en animación sociocultural
- Técnico superior en Educación Infantil
- Licenciado en pedagogía ou psicopedagogía.
- Mestre
- Calquera outra que teña correspondencia con estas noutros plans de estudo.

Artigo 18. Dereitos.

a) Dereitos das/os nenas/os:

1. Acceso ás actividades sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
2. Á debida consideración no trato, á dignidade da persoa, tanto por parte do persoal do centro como das/dos demais usuarias/os.
3. Ao sixilo profesional relativo aos datos do seu historial sanitario e sociofamiliar.
4. A realizar saídas programadas ao exterior, sempre que contén con autorización escrita por parte das nais, pais ou representantes legais.
5. A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas ao respecto deles cando lles afecte a súa educación

7. A recibir unha asistencia individualizada de contido educativo cara a súa integración sociofamiliar de acordo coas súas necesidades específicas, que teña como obxectivos prioritarios a súa protección, educación e formación.

8. A seren educadas/os para a comprensión, tolerancia e convivencia democrática, posibilitándolles que poidan facer uso das súas opción de forma libre e persoal.

b) Dereitos das/dos nais/pais ou responsables legais:

1. A asociárense co obxecto de favorecer a participación na programación e no desenvolvemento de actividades dos servizos de conciliación.

2. A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto das/dos súas/seus fillas/os e a pediren explicacións de canto afecte a súa propia educación.

3. A participaren nas actividades educativas programadas para a convivencia coas familias.

4. E todos aqueles dereitos e obrigas dos pais/nais ou representantes legais que contemple a lexislación educativa vixente.

Artigo 19. Deberes.

Deberes dos usuarios e usuarias e dos e das pais, nais e responsables legais:

a) Pagar as taxas que se determinen na correspondente ordenanza municipal.

b) Cumprir as normas sobre a utilización dos servizos determinadas neste Regulamento.

c) Observar unha conduta inspirada no mutuo respecto, a tolerancia e a colaboración.

CAPÍTULO II: TEOMADRUGA E TEOCOIDA

Artigo 20. Definición de Teomadruga e Teocoida.

Teomadruga é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve dende as 7.30 horas ate comezo das aulas durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo.

Teocoida é un programa de conciliación da vida laboral e familiar que se desenvolve despois do remate da xornada lectiva durante todos os días do período lectivo do ensino infantil e de primaria nos CEIP públicos de Teo que teñan establecido o servizo. Toda a regulación de Teomadruga é aplicable a Teocoida, coas adaptación lóxicas do horario.

Os usuarios e usuarias do programa deberán estar escolarizados neses centros.

Artigo 21. Servizos.

Este servizo comprende:

- Servizo de gardería. Coidado e atención educativa durante o tempo que se permaneza no servizo antes do comezo das aulas e/ou despois das mesmas.
- Servizos de alimentación para o alumnado interesado. Prestaranse servizos de alimentación durante os programas de conciliación que serán adaptados á hora do día na que se presten. O seu contido estará rexido por unha alimentación san e natural.

Os nenos e nenas que teñan algún tipo de intolerancia alimentaria debidamente xustificada terán un menú adaptados ás súas necesidades.

Artigo 22. Funcións dos monitores ou monitoras.

As funcións dos monitores e monitoras do Teo Madruga son as seguintes:

1. Elaborar os almozos segundo os criterios establecidos desde o Concello.
2. Trasladar o neno/a para o comezo da xornada lectiva a xunto os seus compañeiros e compañeiras, segundo a organización do centro educativo.
3. Desenvolver as actividades lúdicas no tempo de lecer nos espazos cedidos polo centro.
4. Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades lúdicas.
5. Atender aos pais, nais ou responsables legais por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, a técnica municipal encargada da coordinación do servizo, así como antes de

- realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inquiredanzas e suxestións dos pais, nais e responsables legais.
6. Reunirse periodicamente coa persoa responsable municipal deste servizo.
 7. Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizo ao abeiro do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
 8. Controlar as asistencias ou ausencias dos nenos/as usuarias do servizo, así como os pagos dos usuarios/as ocasionais. Farase un rexistro mensual que se entregara á técnica municipal.
 9. Educar mediante técnicas e estratexias propias da educación non formal e lúdica, en temas de saúde, consumo, alimentación, convivencia e socialización, horarios, respecto polas instalación e o material etc.
 10. Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
 11. Informar os pais e nais ou responsables legais e o Concello de calquera incidencia que aconteza.
 12. Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

Artigo 23. Tipos de usuarios/as.

Os usuarios e usuarias de Teo Madruga poden ser ocasionais ou fixos/as, segundo se recolle a continuación:

a) Usuario/a fixo/a. Aquel/a usuario/a que se matricule e utilice o servizo de luns a venres, independentemente de que o utilice todos os días ou días concretos. A matrícula farase seguindo modelo establecido ao efecto. Pódese dar de alta no prazo da matrícula ou, de haber prazas, con posterioridade. As prazas máximas serán as contempladas segundo do número de monitores ou monitoras existentes a día 1 de novembro. Os/as usuarios/as fixos/as poderán escoller as seguintes frecuencias de utilización do servizo:

- 1 día por semana
- 2 días por semana
- 3 días por semana
- 4 días por semana

- 5 días por semana

En caso dunha utilización do servizo distinta aos 5 días da semana, os días de utilización deberán ser días concretos previamente sinalados.

Os/as usuarios/as fixos/as poderán solicitar unha utilización do servizo distinta das establecidas, sempre que o soliciten por escrito motivado, sendo de aplicación a ordenanza fiscal vixente aos efectos de pagamento. O concello poderá denegar dita solicitude no caso de que a frecuencia solicitada supoña problemas para a organización do servizo. Os usuarios/as fixos/as poderán variar a frecuencia de utilización do servizo sempre que a organización do servizo o permita e o soliciten mediante escrito motivado presentado con antelación de sete días naturais. O concello poderá negarse no caso de que as solicitudes de cambios na utilización do servizo supoñan problemas para a organización do mesmo, ou orixine problemas de compatibilidade no uso do servizo por parte dos/as outros usuarios/as. Para darse de baixa terá que comunicalo por escrito no Rexistro xeral do concello.

b) Usuario/a ocasional. Aquel/a usuario/a que non esta matriculado como usuario/a fixo/a no servizo e que, habendo praza, desexe utilizar o servizo en días soltos de forma ocasional. Para poder utilizar o servizo de forma ocasional o pai, nai ou representante legal do neno/a terá que solicitarllo ao coordinador/a, presencialmente ou por teléfono, no día anterior á utilización do servizo. O horario, número e persoa de contacto farase público a comezo de curso por medios que garantan a súa difusión entre os posibles usuarios e usuarias. De non solicitalo coa antelación sinalada no parágrafo anterior non terá seguridade de que poida utilizar o servizo. O coordinador/a denegará o servizo comunicándollo ao pai, nai ou responsable legal do neno/a, no caso de que non solicitando ser usuario/a ocasional con antelación, acuda ao centro coa intención de facer uso do Teo Madruga.

No caso de solicitude de utilización do servizo nesta modalidade de usuario/a ocasional para varios días, a solicitude deberá facerse por escrito e deberá responder a unha causa ocasional e xustificada, que será necesario acreditar xunto coa solicitude. O Concello deberá valorar estas solicitudes podendo negarse no caso de que a causa

non o xustifique, ou non se demostre, ou non obedeza a unha ocasionalidade, ou o que proceda sexa a utilización do servizo na súa modalidade de usuario/a fixo/a, ou no caso de non haber prazas para usuarios/as ocasionais dispoñibles

O pagamento desta modalidade do servizo realizarase ingresando o importe do custo no servizo, na forma e no prazo que se recolle na correspondente ordenanza reguladora. No caso de non producirse a entrega no prazo sinalado do xustificante do ingreso correspondente, o/a neno/a poderá non ser admitido/a a próxima vez que solicite o uso do servizo como ocasional.

Artigo 24. Data de inicio.

Na matrícula do servizo deberase indicar o día no que se comezará a facer uso do mesmo. Esta data debe ser antes do 1 de outubro, do contrario deberase solicitar a alta no servizo fóra do prazo de matrícula no caso de que haxa capacidade. En caso de alta fóra do prazo de matrícula será o concello o que determine o día efectivo de alta atendendo a motivos de organización.

Os nenos e nenas de infantil poderán incorporarse ao servizo unha vez superado o período de adaptación.

O día de comezo efectivo do servizo determinará o momento da obriga de pagamento.

Artigo 25. Ratios.

O número de monitores/as será definido en función do número de usuarios/as, segundo a seguinte distribución:

De 1/15, 1 monitor/a

De 16/30, 2 monitores/as

De 31/45, 3 monitores/as

De 46 a 65, 4 monitores/as

O número de prazas máximo en cada centro é de 65 nenos ou nenas. Estas ratios son as de referencia para admitir ou non aos usuarios/as ocasionais.

CAPÍTULO III: DIVERTEO

Artigo 26. Definición.

Programa de conciliación da vida laboral e familia para nenos e nenas escolarizados nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, que se desenvolverá nos seguintes períodos :

- Dende o 1 de setembro ate o inicio do curso escolar.
- Durante as vacacións do nadal
- Durante os días laborais non lectivos do entroido
- Durante as vacacións de semana santa
- Dende o remate do curso escolar ate o 30 de xuño
- Do 1 ao 15 de xullo
- Do 16 ao 31 de xullo
- Do 1 ao 15 de agosto
- Do 16 a 31 de agosto

Por regra xeral os nenos e nenas deben poder estar un mes de vacacións anuais fora do seu centro de estudos, polo que o acceso aos divertidos de agosto estará mais limitado, segundo se contempla no artigo 33 deste Regulamento.

No caso excepcional de que existan circunstancias sociais ou familiares que impidan estas mínimas vacacións, a técnica municipal encargada do programa debera asinar un informe no que se constate esa imposibilidade. Para elaboralo solicitará aos pais, nais ou titores a documentación que estime necesaria.

Artigo 27. Horarios.

O servizo comezará ás 07.30 horas até as 15.30 horas, ou no horario que se establezan en cada convocatoria. Inclúranse os servizos de:

- Atención lúdica
- Servizo de alimentación:
 - Almorzo
 - Xantar

Artigo 28. Programación.

A programación lúdica de cada un dos períodos estará diferenciada e deseñada sobre un eixo temático arredor do cal se organizan as actividades que desenvolveran os

usuarios e usuarias. A programación de cada un dos períodos deberá estar recollida no proxecto docente que obrigatoriamente presentará a empresa adxudicataria no procedemento de contratación oportuno. Esta programación debera conter un módulo, que poderá ser transversal, que traballe a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o respecto á diversidade e a promoción do uso da lingua galega.

Artigo 29. Saídas.

As saídas contempladas dentro da programación serán obrigatorias, e salvo que non sexan destinadas a todas as idades, non poderán rexeitarse e reclamar un servizo alternativo. As saídas destinadas a unha parte dos usuarios/as serán optativas se a organización do servizo o permite. O horario límite para acceder ao servizo é as 10.00 da mañá, para ser compatible coa planificación das actividades. Poderá admitirse o acceso con posterioridade a esta hora se hai motivos xustificadas.

Artigo 30. Prazas.

Os diverteos terán as prazas que se indiquen nas convocatorias, e estas serán asignadas por orde de inscrición. As convocatorias realizaranse con tempo suficiente para organizar eficientemente a actividade, e nela indicaranse os prazos, número de prazas e lugares onde se levaran a cabo. Unha vez inscritos e inscritas, confirmarase a praza segundo a orde de inscrición. As e os representantes dos e das admitidos deberán facer efectivo o ingreso da cota no prazo indicado, ou no seu caso comunicar que teñen unha excepción do pagamento informada por servizos sociais. O xustificante deste ingreso debe facerse chegar por un medio fiable á técnica municipal responsable do programa, como máximo dous días hábiles despois do remate do prazo de ingreso. Deberán comprobar que o envío foi correcto no caso de non facelo persoalmente.

No caso de non xustificar correctamente o pagamento da matrícula ou de non estar ao día nos pagamentos dos servizos de conciliación do concello de Teo a reserva non será efectiva.

Artigo 31. Listaxe de Agarda.

No caso de haber mais solicitantes que prazas ofertadas, confeccionarase un listado de agarda, tendo en conta a prioridade dos nenos e nenas censados en Teo. De

producirse baixas ou a non matrícula de xeito correcto de algunha persoa inicialmente admitida, poderanse completar as prazas vacantes co orde no que están inscritos os e as solicitantes neste listado de agarda. Para isto, comunicáraselle de xeito inmediato mediante chamada telefónica, e abrindo un prazo especial de tres días para formalizar a matrícula. As baixas ou non matriculacións que se produzan con menos de tres hábiles días do comezo da actividade só se cubrirán con nenos ou nenas que teñan solicitado o mesmo centro no que se produciu a baixa.

Para posibilitar unha correcta organización da actividade as baixas ou prazas vacantes existentes despois do día do comezo da actividade non se cubrirán.

Artigo 32. Monitores/as.

Os/as monitores/as do servizo terán as seguintes funcións:

1. Organizar os almorzos e o xantar segundo os criterios establecidos dende o Concello.
2. Recoller o neno/a para o comezo da xornada lectiva, levar un rexistro diario de asistencia e control da saída.
3. Desenvolver as actividades concibidas na programación, con especial atención durante as saídas.
4. Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades lúdicas.
5. Atender aos pais, nais ou responsables legais por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, a técnica municipal encargada da coordinación do servizo, así como antes de realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inquedanzas e suxestións dos pais, nais e titores/as.
6. Informar de calquera incidencia polas canles previstas á persoa responsable municipal deste servizo.
7. Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizo ao abeiro do disposto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro.

8. Educar mediante técnicas e estratexias propias da educación non formal e lúdica, en temas de saúde, consumo, alimentación, convivencia e socialización, horarios, respecto polas instalación e o material etc.
9. Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
10. Informar os pais e nais ou responsables legais e o Concello de calquera incidencia que aconteza .
11. Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

Artigo 33. Diverteo de agosto.

O Diverteo do mes de agosto realizarase nun único lugar, e para acceder ás prazas ofertadas deberase xustificar a ocupación laboral dos pais, nais ou responsables legais que faga necesario o uso deste programa. Os solicitantes deste servizo non poderán facer uso dos diverteos do mes de xullo, e deberán indicar que mes de vacacións van a ter os nenos ou as nenas.

Artigo 34. Servizo de alimentación.

O servizo de alimentación contempla o almorzo e o xantar.

O almorzo dispensarase aos nenos e nenas que o soliciten, sempre e cando se incorporen ao servizo antes das 8.45 horas. O contido do almorzo será equilibrado.

O xantar dispensarase as 14.00 horas, e debera estar adaptado as necesidade nutricionais dos nenos e nenas. Ademais respectarase na composición dos menús as situacións individuais de intolerancias ou alerxias alimenticias. Estas deben ser comunicadas con anterioridade mediante un informe médico que as describa perfectamente. Os usuarios e usuarias deste servizo non poderán abandonar a actividade de conciliación antes das 14.30 horas.

O servizo de xantar poderá ser substituído por comida que se traia dende a casa, cando o equipamento do centro o permita e sempre que se cumpran as instrucións operativas que se decidan para facer hixiénico e seguro o consumo de alimentos. Esta decisión correspóndelle aos pais, nais ou responsables legais, coa excepción de que non se acade o número mínimo de usuarios e usuarias para prestar este servizo. Neste

caso os nenos e nenas que se queden ate a última hora da mañá consumiran os alimentos que traían da casa, seguindo as indicacións dos monitores e monitoras.

Artigo 35. Ratíos do servizo.

O número de monitores/as será definido en función do número de usuarios/as, segundo a seguinte distribución:

- De 1 a 10, 1 monitor/a
- De 11 a 25, 2 monitores/as
- De 26 a 35, 3 monitores/as
- De 36 a 50, 4 monitores/as
- De 51 a 60, 5 monitores/as
- De 61 a 75 6 monitores/as
- De 76 á 90 7 monitores/as

Disposición final.

En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o presente Regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da citada lei.

Disposición transitoria.

Os servizos de conciliación que presta actualmente o concello de Teo seguiran prestándose nas condicións actuais en canto non se renoven os contratos de xestión do servizo en vigor”.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz